| ▪ B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:<br>– Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>– Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>– Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | ▪ LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>▪ LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>▪ LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | ▪ CCL |

| 2º ESO - ORATORIA (Enrique Maceda) | | |
|---|---|---|
| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES** | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| **Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo** | | |
| B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| **Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo** | | |
| B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. | ▪ CCL |
| B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. | ▪ CCL /CD<br>▪ CAA<br>▪ CEC |
| **Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional** | | |
| B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade. | ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | ORB4.1.2. Identifica as estrataxemas que terxiversan a información. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos. | ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra. | ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso. | ▪ CSC |
| | ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |

| 2º ESO - ORATORIA (Enrique Maceda) | | |
|---|---|---|
| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES** | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| | ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA/CSC |

## 2. Avaliación e cualificación

**INSTRUMENTOS:**

Os diferentes instrumentos de avaliación, coherentes cos criterios de avaliación, deberán axudarnos a levar un rexistro sistemático e organizado do traballo do alumnado, co fin de realizar un avaliación eficaz e o máis obxectiva posible do seu rendemento académico.

Neste documento buscamos a flexibilidade, e aqueles instrumentos que mellor se adaptaen a unha ensinanza non presencial e que nos permitan recoller unha avaliación o máis equitativa e obxectiva posible, tales como:

- Comentarios de texto.
- Test ou probas obxectivas que versen sobre os contidos de cada curso.
- A revisión e análise de traballos do alumnado de maneira individual.
- Escalas de observación das actividades entregadas en forma e prazo polo alumnado, e de maneira lícita.
- Probas específicas que inclúen: resumos, redaccións, comentarios, desenvolvementos de temas…todo tipo de preguntas relacionadas cos bloques de contidos.
- Realización de tarefas seguindo o modelo de exame das ABAU, no caso de 2º Bacharelato.
- Creacións audiovisuais.
- Videoconferencias
- Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.

As plataformas e/ou medios que se van empregar para a realización -envío e entrega- destas tarefas son: Aula Virtual Moodle, Googleclassroom, correo do dominio iespobra, etc.

**RECURSOS:**

**Libro de Apoio**: Xerais

**Novas tecnoloxías:** o alumnado disporá e xestionará unha conta de correo electrónico baixo o o dominio *iespobra,* para poder comunicarse co profesorado a través do propio correo, da Aula Virtual, Google classroom e/ou Telegram, e Discord -no caso de 2º Bacharelato- entre outras coa persoa docente.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

**Na ESO**

- Aquel alumnado que ten aprobada a 1.ª e a 2.ª avaliacións ten superada a materia. A avaliación é acumulativa, así que a nota final do curso - *3.ª avaliación*- será o resultado da ponderación das dúas primerias avaliacións nesta porcentaxe: 1.ª avaliación, 40%, 2.ª avaliación, 60%. O alumnado aprobado que entregue e realice as tarefas incrementará a súa cualificación ata un máximo de 2 puntos sobre a media ponderada da nota final da 1.ª e da 2.ª avaliacións. Esta tarefas, que suporán un reforzo e/ou avance na aprendizaxe, poderán ser dez de carácter semanal e valoraranse cunha cualificación de 0,2 puntos cada unha sempre e cando sexan entregadas en forma e prazo.
- O alumnado  que ten a materia suspensa e non recuperada, poderá recuperala coa realización das tarefas semanais nas seguintes condicións: que sexan entregadas en tempo e forma (1 semanal que poderán abranguer os cinco bloques de contidos); que sexan realizadas de maneira lícita pola persoa a que se lle encargan e non por outra; que sexan avaliadas de xeito positivo cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. O alumnado recibirá a nota correspondente á media aritmética da valoración das súas tarefas.

Calquera tarefa considerarase non superada, se for cualificada de maneira negativa e/ou cualificada con 0 puntos se cumpre algunha das seguintes condicións: o alumnado non a elaborou de maneira lícita; non foi elaborada polo propio alumnado e/ou non foi entregada en tempo e forma.

**En 1.º de  Bacharelato.**

- Aquel alumnado que ten aprobada a 1.ª e a 2.ª avaliacións ten superada a materia. A avaliación é acumulativa, así que a nota final do curso - *3.ª avaliación*- será o resultado da ponderación das dúas primerias avaliacións nesta porcentaxe: 1.ª avaliación, 40%, 2.ª avaliación, 60%. O alumnado aprobado que entregue e realice as tarefas incrementará a súa cualificación ata un máximo de 2 puntos sobre a media ponderada da nota final da 1.ª e da 2.ª avaliacións. Estas tarefas, que suporán un reforzo e/ou avance na aprendizaxe, poderán ser 10 de carácter semanal, e valoraranse cunha cualificación de 0,2 puntos cada unha sempre e cando sexan entregadas en forma e prazo.
- O alumnado que ten a materia suspensa e non recuperada deberá realizar as tarefas semanais *–1 tarefa ampla que recolla diferentes bloques e/ou 2 ou 3 tarefas dun contido concreto*– e entregalas en tempo e forma, e realizadas de maneira lícita.
- O alumnado que ten a materia suspensa e non recuperada, poderá recuperala coa realización de 1 tarefa semanal ampla que recolla diferentes bloques de contidos e/ou 2 ou 3 tarefas simples nas seguintes condicións: que sexan entregadas en tempo e forma; realizadas de maneira lícita pola persoa a quen se lle encarga (libres de plaxio) e non por ningunha outra que sexan avaliadas de xeito positivo cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. O alumnado recibirá a nota correspondente á media aritmética da valoración das súas tarefas.

  As tarefas versarán sobre os diferentes bloques de contido.

**En 2º Bacharelato**

- Aquel alumnado que ten aprobada a 1.ª e a 2.ª avaliacións ten superada a materia. A avaliación é acumulativa, así que a nota final do curso - *3.ª avaliación*- será o resultado da ponderación das dúas primerias avaliacións nesta porcentaxe: 1.ª avaliación, 40%, 2.ª avaliación, 60%. O alumnado aprobado que entregue e realice as tarefas incrementará a súa cualificación ata un máximo de 2 puntos sobre a media ponderada da nota final da 1.ª e da 2.ª avaliacións. Estas tarefas, que suporán un reforzo e/ou avance na aprendizaxes valoraranse cunha porcentaxe entre o 20% ou 10% cada unha. A nota incrementada -ata un máximo de 2 puntos- e final sairá da nota media ponderada desas tarefas realizadas.
- O alumnado que ten a materia suspensa e non recuperada deberá realizar as tarefas semanais *–1 tarefa ampla que recolla diferentes bloques e/ou 2 ou 3 tarefas dun contido concreto*– e entregalas en tempo e forma, e realizadas de maneira lícita.
- O alumnado que ten a materia suspensa e non recuperada, poderá recuperala coa realización de 1 ou 2 tarefas semanais que versarán sobre as probas e contidos das ABAU nas seguintes condicións: que sexan entregadas en tempo e forma; realizadas de maneira lícita pola persoa a quen se lle encarga (libres de plaxio) e non por ningunha outra que sexan avaliadas de xeito positivo cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. O alumnado recibirá a nota correspondente á media ponderada da valoración -20% ou 10% cada unha- das súas tarefas. Estas tarefas constitúen o 100% da nota.

  As tarefas versarán, especialmente, sobre as probas e os contidos das ABAU.

Temos que ter en conta que este nivel –**2.º de Bacharelato**- se comporta realmente como un curso propedéutico para acceder á formación superior, especialmente á universitaria a través das ABAU, resulta evidente que esa proba externa, ao final do curso académico, condiciona os obxectivos, a metodoloxía e a avaliación por competencias; pois debemos ter en conta as indicacións dadas pola CIUG .

Agora ben, dadas as circunstancias centrarémonos, moi especialmente naquel alumnado que ten a materia suspensa para que a recupere por medio da realización das tarefas xa indicadas antes e que versaran sobre as probas e os contidos das ABAU.

**PENDENTES**

Criterios de recuperación da materia pendente de Lingua Galega e Literatura:

- Na **ESO:**
  - Considerarase recuperada a materia do curso precedente cando o alumnado obtivo unha cualificación positiva, isto é un aprobado nas dúas primeiras avaliacións do curso actual, e/ou a media ponderada das dúas dá un aprobado. A media final será a ponderación das dúas avaliacións: 1.ª avaliación (40%) e 2.ª avaliación (60%).
  - No caso de non ter aprobadas as dúas avaliacións do curso actual, a materia recuperarase coa elaboración de tarefas ou dun caderno. As producións do alumnado entregaranse a través da Aula Virtual Moodle e/ou Googleclassroom, ou da conta de correo electrónico de domimio *iespobra* segundo indique o profesorado de cada un dos grupos e versarán sobre os contidos mínimos para superar a materia do curso anterior.

    Estas tarefas semanais ou caderno deberán cumprir as seguintes condicións: que sexan entregadas en tempo e forma; que sexan realizadas de maneira lícita pola persoa a quen se lle encargan e non por ningunha outra; que sexan avaliadas de xeito positivo cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. Estas tarefas ou caderno deberán estar cualificadas positivamente, é dicir, para aprobar deberá ter unha cualificación mínima de 5 sobre 10.
- No **Bacharelato**, o alumnado recuperará a materia do curso anterior se realiza positivamente en tempo e forma e de maneira lícita as tarefas propostas polo Departamento, é dicir un caderno que recollerá dúas probas dos bloques de contido. As tarefas versarán sobre os estes, os cales xa foron entregados a comezo deste curso, así como modelos de tarefas e probas. Estas serán cualificadas de 1 a 10. Para aprobar terá que obter un 5 sobre 10.

**Criterios de recuperación da materia pendente de Investigación e Tratamento da Información.**

O alumnado que ten a materia suspensa e non recuperada, poderá recuperala coa realización do caderno nas seguintes condicións: que sexan entregado en tempo e forma, que sexa realizado de maneira lícita pola persoa a quen se lle encargan e non por ningunha outra; que sexa avaliado de xeito positivo cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. O alumnado recibirá a nota correspondente a realización da tarefa de acordo coas indicacións sinaladas antes.

En todos as materias e niveis, o alumnado que non acade un avaliación positiva en xuño, terá dereito á participación nunha convocatoria extraordinaria en setembro.

Finalmente, salientar que no caso de que o alumnado se incorporase ás aulas presenciais, despois do “Estado de Alarma”, os criterios establecidos anteriormente neste documento para unha docencia online e non presencial, poderán ser revisados, modificados para se adaptar a unha docencia presencial.

**MANTÉÑENSE OS CRITERIOS DE CORRECCIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ (TIL)**

En todos os niveis estableceranse uns criterios de corrección común aos departamentos de Lingua galega e castelá, de acordo cos seguinte parámetros, reservándose unha parte da nota para valorar aspectos como: a adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado...), coherencia (aporte da información precisa, estrutura clara e parágrafos ben estruturados), cohesión (uso axeitado da puntuación, das conxuncións e enlaces, pronomes anafóricos...), corrección gramatical (ortografía, sintáctica e léxica) e variación (complexidade sintáctica, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos). Isto ten como fin que o alumnado tome conciencia da importancia da corrección lingüística tanto oral coma escrita.

A continuación concretamos e especificamos as normas básicas e as distintas penalizacións segundo os niveis.

De aí que **sobre a cualificación xeral en cada curso ou nivel** se poderá descontar ata un máximo de **2 puntos.** En *1º ESO, 2º ESO* non se contarán as faltas reiteradas, mentres que nos restos dos cursos *–3º ESO, 4º ESO, 1º Bacharelato e 2º Bacharelato–*, as faltas reiteradas serán tidas en conta. Os criterios de corrección –acordo do TIL– son os seguintes:

<table>
<tr><th colspan="3">CRITERIOS DE CORRECCIÓN</th><th>DESCONTOS</th></tr>
<tr><td>Non coida a presentación</td><td colspan="2">Ausencia de marxes, borranchos, nome e apelidos incorrecta e informalmente escritos.</td><td>0,2</td></tr>
<tr><td colspan="3">Caligrafía case ilexible</td><td>0,2</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Desvios da norma</td><td>Moi graves</td><td>Aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, castelanismos, mal colocación de pronomes...)</td><td>0,2</td></tr>
<tr><td>Graves</td><td>Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b, v,...h, y...) acentuación diacrítica.</td><td>0,1</td></tr>
<tr><td>Leves</td><td>Solucións gramaticais alleas ao establecido pola norma como acentuación non diacrítica</td><td>0,05</td></tr>
</table>

*Ao longo das actividades, traballos ou probas que se fagan en cada unidade didáctica ou bloque, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información detallada sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a.*

*A información recollerase en fichas individuais de observación, empregando escalas cuantitativas ou cualitativas segundo proceda.*

*O alumnado foi informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado, facendo especial fincapé nos matices propios da área de Lingua Galega e Literatura.*

# 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

<table>
<tr><th>DOCENTE</th><th colspan="2">Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>1º ESO LGL</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Pilar Ponte</td><td>ACTIVIDADES</td><td>• De recuperación para o alumnado con algunha das dúas avalicións suspensas.<br>• De reforzo e ampliación para o alumnado cunha media aprobada despois de realizar unha media aritmética simple.</td></tr>
<tr><td>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>• Non teño alumnado sen posibilidade de conectividade. A fenda non foi dixital senón nun comezo tivo máis carácter social respecto a como algún alumnado e os seus pais comezaron non asumindo que a escolarización continuaba.<br>• Dúas clases (luns e mércores) online para todo o alumnado.<br>• O alumnado suspenso continúa docencia obrigatoria. O alumnado aprobado decidiu continuar en todos os casos coa docencia voluntaria de reforzo de aspectos básicos da materia con materiais con máis compoñente lúdica.<br>• Utilizamos como plataforma base a Google Classroom e dende alí accedemos a diferentes materiais e actividades con presenza na rede.<br>• Para a comunicación coa profesora o alumnado dispón das seguintes opcións: comunicación a través do correo electrónico do IES, comunicación a través da Google Classroom, grupo de Telegram da materia, servizo de consulta mediante mensaxes privadas en Telegram de luns a venres de 9 a 11 que logo é contestado ao longo do día.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>Tarefas deseñadas pola profesora a través da Google Classroom ou doutro profesorado (actividades fundamentalmente interactivas)</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Margarita Souto</td><td>ACTIVIDADES</td><td rowspan="2">• Ata o 13 de marzo: o libro de texto de Xerais.<br>• Dende o 13 de marzo (confinamento):<br>• Antes da Semana Santa utilicei a páxina web do instituto e o correo de iespobra.<br>• Despois da Semana Santa empecei a utilizar o google classroom e sigo tamén co correo de iespobra.</td></tr>
<tr><td>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | **Materiais e recursos** | Libro de texto de Xerais |
| **Enrique Maceda** | **ACTIVIDADES**<br>**METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)**<br>**Materiais e recursos** | Contacto co alumnado: nun primeiro momento a través de abalar móbil e posteriormente a través do correo iespobra. Tamén se utilizan as follas de cálculo Excel que nos facilita a dirección do centro.<br>Cada 15 días, aproximadamente, realizarase unha planificación da materia, nun documento onde se describan as distintas tarefas que ten que realizar o alumnado e o listado de recursos (apuntamentos, exercicios, enlaces,…) que se poñen á disposición do mesmo. A planificación mostrarase no seguinte formato (**vid. Anexo 1)**<br>As distintas actividades (repaso, reforzo ou ampliación) **estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles**.<br>A temporalización das distintas planificacións de actividades móstrase a continuación:<br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación. **(4 - 5 de maio)**<br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa segunda avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación. (**18 ao 29 de maio)**<br>• Probas e/ou actividades de recuperación para o alumnado coa primeira avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto. (**1 ao 10 de xuño)**<br>• Actividades de recuperación para o alumnado coa segunda avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto. (**11 ao 19 de xuño)** |

<table>
<tr><th>DOCENTE</th><th colspan="2">Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>2º ESO LGL</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Eumelia Rei</td><td>ACTIVIDADES</td><td>• Tarefas de recuperación e reforzo e algunha ampliación -de ser necesario- sobre os distintos bloques de contido. O alumnado de reforzo realizan tamén as mesmas tarefas que o resto, xa que están adaptatas, pero son valoradas atendendo ás súas capacidades. O alumnado con ACI realiza tarefas adaptadas de reforzo e recuperación. Con este alumnado mantense contacto semanal por correo e de ser necesario por teléfono. Este alumnado tamén recibe apoio da PT e coa cal a docente mantén contacto.</td></tr>
<tr><td>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>• Nun principio tiven dous alumnos/as con problema de conectividade, que quedou solucionado polo Equipo Directivo facéndolle chegar todo o material necesario para solucionalo. O resto do alumnado dispón dos medios. O maior problema é que algún alumnado precisamente o suspenso a pesar dos medios cústalle adaptarse a unha escolarización online. Precisamente con este alumnado que é o que manteño conferencias telefónicas para solventar os seus problemas e/ou carencias e dificultades.<br>• O alumnado suspenso continúa docencia obrigatoria. O alumnado aprobado decidiu continuar na maioría dos casos coa docencia voluntaria de reforzo de aspectos básicos da materia con materiais con máis compoñente lúdica.<br>• Utilizamos como plataforma base AULA VIRTUAL MOODLE e dende alí tamén accedemos a diferentes materiais e actividades con presenza na rede, videos, etc. A maiores tamén teñen toda a información das tarefas e do labor que teñen que realizar colgado semanalmente na páxina web do propio IES. De aí que teñen a información triplicada sempre e semanalmente.<br>• Para a comunicación coa profesora o alumnado dispón das seguintes opcións: comunicación a través do correo electrónico do IES, comunicación a través da propia Aula Virtual durante toda a semana</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>Tarefas de todo tipo deseñadas pola profesora na Aula Virtual Moodle (actividades fundamentalmente interactivas). Libro de texto de Xerais e outros materiais educativos na rede.</td></tr>
<tr><td></td><td>ACTIVIDADES</td><td>Recuperación, reforzo e repaso da parte de comprensión e expresión oral e escrita, estudo da lingua, e lingua e sociedade correspondente aos estándares especificados no currículo establecido para a nosa materia de libre configuración para o curso de 2º ESO que non se recollen como estándares de aprendizaxe avaliables.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| **Rosa Santos** | **METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía é basicamente mediante vía telemática mediante classroom, con corrección individual de tarefas semanais.<br>Estas tarefas son elementais para recuperar as avaliacións non superadas e establecer a nota definitiva na terceira avaliación segundo os acordos do departamento.<br><br>O enfoque comunicativo vese afastado da vertente oral espontánea, porque os traballos orais carecen de interacción entre os compañeiros e compañeiras. Relégase ás tarefas de exposicións de temas específicos ou de materias curriculares, actividades libres, etc... como en vídeos de elaboración propia. Traballos de investigación, nos procesos de autocorrección e autoavaliación. Actividade de aprendizaxe como toma de decisións, planificación, xestión, etc |
| | **Materiais e recursos** | Intégranse as ferramentas TIC na elaboración de actividades e na busca de información en Internet ou para compartila ( blogs, Google Docs, classroom).<br>Uso cotiá das TIC: empregando o classroom para presentar contidos, fontes de información (xornais, revistas, blogs) e portais de consulta en rede (RAG, ILGA...) e realizando actividades en diferentes espazos (ogalego.eu...) coa elaboración de obxectos dixitais. |

<table>
<tr><th>DOCENTE</th><th colspan="2">Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>3º ESO LGL</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Eumelia Rei<br>(Agrupamento)</td><td>ACTIVIDADES</td><td>• Recuperación, reforzo e repaso da parte de comprensión e expresión oral e escrita, estudo da lingua, e lingua e sociedade correspondente aos estándares especificados no currículo establecido para a nosa materia.</td></tr>
<tr><td>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>• Todo o alumnado dispón de conectividade, pero o maior problema neste -agrupamento- é que algún alumnado precisamente o suspenso a pesar dos medios cústalle adaptarse e/ ou seguir unha escolarización online. Precisamente con este alumnado, en principio fixen un seguimento primeiro a través da súa tirora, e posteriormente tiven que facer un seguimento telefónico e manter conversar para solventar os seus problemas e/ou carencias e dificultades.<br>• A metodoloxía é basicamente mediante vía telemática con corrección individual de tarefas semanais. Utilizamos como plataforma base AULA VIRTUAL MOODLE e dende alí tamén accedemos a diferentes materiais e actividades con presenza na rede, videos, etc. A maiores tamén teñen toda a información das tarefas e do labor que teñen que realizar colgado semanalmente na páxina web do propio IES. De aí que teñen a información triplicada sempre e semanalmente.<br>• Para a comunicación coa profesora o alumnado dispón das seguintes opcións: comunicación a través do correo electrónico do IES, comunicación a través da propia Aula Virtual durante toda a semana.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>Tarefas de todo tipo deseñadas pola profesora na Aula Virtual Moodle (actividades fundamentalmente interactivas). Libro de texto de Xerais e outros materiais educativos na rede.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Margarita Souto</td><td>ACTIVIDADES</td><td rowspan="2">Ata o 13 de marzo: o libro de texto de Xerais.<br>Dende o 13 de marzo (confinamento):<br>Antes da Semana Santa utilicei a páxina web do instituto e o correo de iespobra.<br>Despois da Semana Santa empecei a utilizar o Google Classroom e sigo tamén co correo de iespobra.</td></tr>
<tr><td>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>Libro de texto Xerais</td></tr>
</table>

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>4º ESO LGL (Enrique Maceda) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES**<br><br>**METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)**<br><br>**Materiais e recursos** | Contacto co alumnado: nun primeiro momento a través de abalar móbil e posteriormente a través do correo iespobra. Tamén se utilizan as follas de cálculo Excel que nos facilita a dirección do centro.<br><br>Cada 15 días, aproximadamente, realizarase unha planificación da materia, nun documento onde se describan as distintas tarefas que ten que realizar o alumnado e o listado de recursos (apuntamentos, exercicios, enlaces,…) que se poñen á disposición do mesmo. A planificación mostrarase no seguinte formato (**vid. Anexo 1)**<br><br>As distintas actividades (repaso, reforzo ou ampliación) **estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles**.<br><br>A temporalización das distintas planificacións de actividades móstrase a continuación:<br><br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación. **(4 - 5 de maio)**<br><br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa segunda avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación. (**18 ao 29 de maio)**<br><br>• Probas e/ou actividades de recuperación para o alumnado coa primeira avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto. (**1 ao 10 de xuño)**<br><br>• Actividades de recuperación para o alumnado coa segunda avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto. (**11 ao 19 de xuño)** |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>1º BACHARELATO LGL (Rosa Santos) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES** | Recuperación, reforzo e repaso da parte de comprensión e expresión oral e escrita, estudo da lingua, e lingua e sociedade correspondente aos estándares especificados no currículo establecido para a nosa materia de libre configuración para o curso de 1.º de bacharelato que non se recollen como estándares de aprendizaxe avaliables. |
| **METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía é basicamente mediante vía telemática mediante classroom, con corrección individual de tarefas semanais.<br>Estas tarefas son elementais para recuperar as avaliacións non superadas e establecer a nota definitiva na terceira avaliación segundo os acordos do departamento.<br><br>O enfoque comunicativo vese afastado da vertente oral espontánea, porque os traballos orais carecen de interacción entre os compañeiros e compañeiras. Relégase ás tarefas de exposicións de temas específicos ou de materias curriculares, actividades libres, etc... como en vídeos de elaboración propia. Traballos de investigación, nos procesos de autocorrección e autoavaliación. Actividade de aprendizaxe como toma de decisións, planificación, xestión, etc |
| **Materiais e recursos** | Intégranse as ferramentas TIC na elaboración de actividades e na busca de información en Internet ou para compartila ( blogs, Google Docs, classroom).<br>Uso cotiá das TIC: empregando o classroom para presentar contidos, fontes de información (xornais, revistas, blogs) e portais de consulta en rede (RAG, ILGA...) e realizando actividades en diferentes espazos (Ciuga, ogalego.eu...) coa elaboración de obxectos dixitais. |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>2º BACHARELATO LGL (Eumelia Rei Santos) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES** | • Tarefas de reforzo e de ampliación para o alumnado tanto suspenso coma aprobado debido ao valor acumulativo desta materia, así como ser un curso propedéutico e orientado a unha proba as ABAU. De aí que moitas tarefas tiñan como fin ampliar e desenvolver os estándares que quedaran sen dar, pero que se deron online. |
| **METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • Nun primeiro momento tiven un alumno só con problemas de material -carencia de ordenador-, pero foi solventado polo Equipo Directivo. E todo alumnado ten conectividade.<br>• A metodoloxía é basicamente telemática con corrección individualizada das tarefas semanais. Utilizamos como plataforma base AULA VIRTUAL MOODLE, e dende alí tamén accedemos a diferentes materiais e actividades con presenza na rede, videos, etc. Tamén mantemos contacto a través do correo *iespobra,* ao cal son enviadas as tarefas que logo son devoltas corrixidas e puntuadas. A maiores temos contacto vía DISCORD, e comezaremos - de ser posible- tamén videoconferencias vía Meet, para solventar todas as dúbidas que poidan ter. A maiores tamén teñen toda a información das tarefas e do labor que teñen que realizar colgado semanalmente na páxina web do propio IES. De aí que teñen a información triplicada sempre e semanalmente.<br>• Para a comunicación coa profesora o alumnado dispón das seguintes opcións: comunicación a través do correo electrónico do IES, comunicación a través da propia Aula Virtual durante toda a semana, e vía Discord. |
| **Materiais e recursos** | Tarefas deseñadas pola profesora na Aula Virtual Moodle que seguen o deseño das preguntas das ABAU, e tamén tarefas que son modelos das propias ABAU. Ademais envíaselles todo o material deseñado pola docente, e necesario para a súa aprendizaxe. Na propia AULA virtual teñen toda a información de como se desenvolve o curso, dos criterios de avaliación e cualificación, e todo o temario do curso 2º Bacharelato. A maiores empregamos contidos e fontes que atopamos na rede (ogalego.eu, RAG, CIUG, blogs, xornais…) |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>2º ORATORIA (Enrique Maceda) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES**<br>**METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)**<br>**Materiais e recursos** | **Alumnado con dúas avaliacións aprobadas**: Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase unha ponderación do 40% e 60% respectivamente. Este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.<br>**Alumnado con algunha avaliación suspensa**: Enviaranse tarefas de recuperación durante este período (gravación dunha entrevista...).<br>Cada 15 días aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizarase unha planificación da materia, nun documento, onde se describan as distintas tarefas que ten que realizar o alumnado e os prazos de entrega.<br>As distintas actividades (repaso, reforzo ou ampliación) estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.<br>A temporalización das distintas planificacións de actividades móstrase a continuación:<br>• Actividades prácticas de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira e segunda avaliación (14 ao 30 de abril)<br>• Actividades prácticas de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. (4 ao 15 de maio)<br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. (18 ao 29 de maio)<br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. (1 ao 10 de xuño)<br>• Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. (11 ao 19 xuño) |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)<br>1º ESO ITI (PILAR PONTE) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES** | • De recuperación para o alumnado con algunha das dúas avalicións suspensas.<br>• De reforzo e ampliación para o alumnado cunha media aprobada despois de realizar unha media aritmética simple. |
| **METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • Non teño alumnado sen posibilidade de conectividade. A fenda non foi dixital senón nun comezo tivo máis carácter social respecto a como algún alumnado e os seus pais comezaron non asumindo que a escolarización continuaba.<br>• Unha clase (martes) online para todo o alumnado.<br>• O alumnado suspenso continúa docencia obrigatoria. O alumnado aprobado decidiu continuar nalgúns casos coa docencia voluntaria de reforzo de aspectos básicos da materia con materiais con máis compoñente lúdica.<br>• Utilizamos como plataforma base a Google Classroom e dende alí accedemos a diferentes materiais e actividades con presenza na rede.<br>• Para a comunicación coa profesora o alumnado dispón das seguintes opcións: comunicación a través do correo electrónico do IES, comunicación a través da Google Classroom, grupo de Telegram da materia, servizo de consulta mediante mensaxes privadas en Telegram de luns a venres de 9 a 11 que logo é contestado ao longo do día. |
| **Materiais e recursos** | Tarefas deseñadas pola profesora a través da Google Classroom ou doutro profesorado (actividades fundamentalmente interactivas) |

# 4. Información e publicidade.

Tanto a información como a publicidade deste Departamento –sobre os estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva na materia de Lingua Galega e Literatura, ITI e Oratoria; así como dos criterios de cualificación, procedementos e os instrumentos de avaliación que se utilizarán, incluídas as materias de cursos anteriores e das medidas de reforzo e recuperación previstas– o alumnado poderá atopala publicamente na propia páxina web do IES A Pobra do Caramiñal no apartado do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Tamén recibirán toda a información –como serán avaliados, as tarefas de que van realizar, o proceso de ensinanza online– a través do seu correo electrónico do domino *iespobra,* onde manteñen contacto co seu docente. En casos concretos é de ser necesario o contacto poderá ser por vía teléfonica. Cada docente tamén contactará e informará ao seu alumnado –como xa se comentou neste documento– a través dos medios que considere máis oporturnos, xa sexa por videoconferencia, e/ou outras plataformas - Aula Virtual Moodle, Google classroom– para informalo de todo e dar publicidade a este documento.

No caso concreto de 2º Bacharelato o alumnado ten acceso aos criterios de cualificación e avaliación na propia AULA VIRTUAL MOODLE no apartado de Departamento, inclusive a información e as tarefas a realizar para superar a pendente de LGL.

# 5. ANEXO 1.

**Formato de seguimento de alumnado do docente Enrique Maceda**.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Materia:** | | | |
| **Curso:** | | **Grupos:** | |
| **Descrición das tarefas** | | | |
| | | | |
| **Recursos (apuntes, exercicios, …)** | | | |
| | | | |

*A presente adaptación da programación docente é froito das reunións e do consenso entre os membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura*

*Asdo. Xefa do Departamento*

*Mª Eumelia Rei Santos*

*A Pobra do Caramiñal, 11 de maio de 2020*